

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA, PARA ORGANIZACIÓN DO “GLOBAL SUSTAINABLE SEAFOOD GALICIA FORUM” (FORO GALICIA DE SUSTENTABILIDADE GLOBAL DOS PRODUTOS DO MAR) EN 2025**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Patricia García Sánchez, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar ca Fundación Nueva Pescanova o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de abril de 2025 ata o 30 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Nueva Pescanova para a organización do “Global Sustainable Seafood Galicia Forum” (Foro Galicia de Sustentabilidade Global dos Produtos do Mar) en 2025.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

" GLOBAL SUSTAINABLE SEAFOOD GALICIA FORUM ":

Por parte da FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA:

- Diseñar, promover e organizar a asistencia á terceira edición do “GLOBAL SUSTAINABLE SEAFOOD GALICIA FORUM” dos representantes de grupos de interese rexional, nacional e internacional relacionados coa sustentabilidade dos produtos do mar, cun obxectivo de 300 participantes cunha importante presenza internacional.

- A proposta de contidos e asuntos a debater é a seguinte:
- Conferencia inicial: sobre o estado actual da sustentabilidade do sector e o océano.
- A medición da Sustentabilidade: a visión das ONG.
- A medición da Sustentabilidade: a visión da cadea de valor do sector.
- A medición da Sustentabilidade: a visión de academia.
- A medición da Sustentabilidade: A visión das institucións.
- A medición da Sustentabilidade: A visión do sector financeiro.
- Conferencia de clausura: Unha visión inspiradora.
- Organización previa do evento a celebrar en maio en Vigo.
- Elaboración, edición e distribución da documentación necesaria.
- Xestión da axenda dos relatores (figuras nacionais e internacionais de relevancia no sector)
- Dirección técnica, produción e comunicación.
- Procura de colaboradores (Consellería do Mar da Xunta de Galicia, FAO, GSSI, outros...) e patrocinadores (Nueva Pescanova, Abanca e outros).
- Planificación e organización de eventos de atracción de asistentes.



Por parte da Consellería do Mar:

- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, sede, medios audiovisuais, edición de programas, intérpretes, etc.).
- Apoio á calidade dos contidos do Congreso a través da programación de relatores de recoñecido prestixio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Para poder acadar estes obxectivos, resaltar a importancia de que a administración galega identifique determinadas situacións puntuais que poidan comprometer a rendibilidade e incluso a viabilidade das empresas da cadea mar – industria Galega e colabore cos actores precisos para paliar os efectos nocivos destas situacións.

Polo tanto é preciso identificar aos actores indicados cos que poder traballar dun xeito eficaz para intentar corrixir estas situacións prexudiciais para a nosa frota.

Que a "FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA" é una institución que persegue o fomento, a financiación, o desenvolvemento e a execución de todo tipo de actividades que, en relación coas actividades pesqueiras, acuícolas, de elaboración e comercialización contribúan, entre outros, ao desenvolvemento sostible nas vertentes sociais, medioambientais e económicas, e á investigación, desenvolvemento e innovación, e divulgación.

Dentro desta liña de actuacións, foi a organizadora da primeira e segunda edicións do "GLOBAL SUSTAINABLE SEAFOOD GALICIA FORUM", en abril de 2023 e novembro de 2024, a través da sinatura dos respectivos convenios entre a FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA e a Consellería do Mar. Contando na súa segunda edición coa participación de máis de 300 profesionais de 25 países, que asistiron a un debate sobre a asimetría da sustentabilidade dos produtos do mar.

Que por canto a Consellería do Mar e a FUNDACIÓN NUEVA PESCANOVA están interesadas na potenciación do sector da pesca e da acuicultura, así como na mellora do nivel de vida das xentes que viven del, é polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de aquelas accións que repercutan nunha mellora da comprensión das dinámicas socioeconómicas e na anticipación da resposta aos retos que enfrenta o sector dos produtos do mar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Patricia García Sánchez

